



Un ano máis chega unha nova edición do rali Comarca da Ulloa.

Este evento deportivo xa está instalado nas vidas de tódolos habitantes da comarca da Ulloa, tendo un espacio propio dentro dos eventos deportivos, cun impacto moi importante na actividade socio-económico da rexión. Sen dúbida podó afirmar que poucos eventos xeneran tanta riqueza dentro das fronteiras da nosa comarca.

Dende a escudería queremos volver a rendirlle homenaxe a ese “buque insignia” da comarca, o Castelo de Pambre, poñendo así o noso grao de area para que volva os seus verdadeiros donos; o pobo galego. É por iso que estamos a lograr que unha das probas especiais, a cal leva o seu nome, estea entrando dentro dos clásicos deste deporte.

Este ano foi máis duro ca ningún outro poder sacar o rali adiante. Todos somos coñecedores da crise na que estamos profundamente mergullados, pero co esforzo de moita xente e o noso espírito emprendedor, fixémoslo de novo, traballando conxuntamente a xente de Monterroso e a de Palas, traballando en equipo e situando en todo momento os intereses comúns por encima de absurdos localismos. Gracias a todos polo voso esforzo.

Quero dedicar unhas palabras de agradecemento que, non por ser reiterativas ano tras ano, son menos importantes, e por iso teño que agradecerlle os nosos alcaldes, Fernando Pensado e Antonio Gato, a súa axuda; sen vos este rali nunca habería nacido; sen vos este rali non podería haberse consolidado e, sen vos, este rali morrerá. Gracias.

Que decir da Deputación de Lugo! Que dende a súa área de deportes e, empuxados de maneira firme polo Vicepresidente Antón Bao, aposta decididamente por este evento deportivo, apoyando desta forma o interese deportivo e, algo non menos importante, o desenrolo desta comarca, a cal, como moitas outras pequenas comarcas do interior, son, moitas veces, as grandes esquecidas. Desta forma poñemos en valor a nosa comarca e reivindicámonos en toda a comunidade. Gracias

Agradecer tamén enormemente a toda a xente que colaborou conosco e nos axudou a cubrir ese casi imposible presuposto; gracias polo voso esforzo. Que decir dos que non colaboraron... sodes os de sempre.

Por último gracias a toda a xente dos nosos municipios pola vosa paciencia e por aguantar as molestias ocasionadas, pedíndovos perdón de antemán e animándovos a participar e a disfrutar do rali.

Estades todos convidados e vémonos os vindeiros 19 e 20 de febreiro polas estradas da nosa fermosa comarca.

Un saúdo.

Fdo: Luis Vilarinho García
Presidente da Escudería Comarca da Ulloa